

DATOS IDENTIFICATIVOS				
Psicoloxía: Psicoloxía da educación: Procesos de aprendizaxe escolar				
Materia	Psicoloxía: Psicoloxía da educación: Procesos de aprendizaxe escolar			
Código	O05G120V01205			
Titulación	Grao en Educación Primaria			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	FB	1	2c
Lingua de impartición	Galego			
Departamento	Psicoloxía evolutiva e comunicación			
Coordinador/a	Rodríguez Enríquez, Mónica			
Profesorado	Rodríguez Enríquez, Mónica			
Correo-e	monica.rodriguez.enriquez@uvigo.es			
Web				
Descrición xeral	Esta materia proporciona ao futuro docente un coñecemento detallado sobre o proceso de aprendizaxe dos seus alumnos/as e a forma de melloralo mediante procedementos de instrución adecuados. Na actualidade espérase que o/a mestre/a desempeñe un papel de guía, titor/a, mediador/a dos procesos de aprendizaxe; que sexa un investigador activo na aula e moi crítico e reflexivo co seu labor. Esta materia é unha ferramenta esencial que lle capacitará para o desempeño destas funcións.			

Competencias	
Código	
A2	Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ó seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.
A3	Que os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética.
A4	Que os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solución a un público tanto especializado coma non especializado.
A5	Que os estudantes desenvolvan aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía.
B2	Deseñar, planificar e avaliar procesos de ensino e aprendizaxe, tanto individualmente como en colaboración con outros docentes e profesionais do centro
B4	Deseñar e regular espazos de aprendizaxe en contextos de diversidade e que atendan á igualdade de xénero, á equidade e ao respecto aos dereitos humanos que conformen os valores da formación cidadá
B5	Fomentar a convivencia na aula e fóra dela, resolver problemas de disciplina e contribuir á resolución pacífica de conflitos. Estimular e valorar o esforzo, a constancia e a disciplina persoal nos estudantes
B7	Colaborar cos distintos sectores da comunidade educativa e do contorno social. Asumir a dimensión educadora da función docente e fomentar a educación democrática para unha cidadanía activa
B10	Reflexionar sobre as prácticas de aula para innovar e mellorar o labor docente. Adquirir hábitos e destrezas para a aprendizaxe autónoma e cooperativa e promovela entre os estudantes
C1	Comprender os procesos de aprendizaxe relativos ao periodo 6-12 no contexto familiar, social e escolar
C5	Coñecer as propostas e desenvolvementos actuais baseados na aprendizaxe de competencias
C6	Identificar e planificar a resolución de situacións educativas que afectan a estudantes con diferentes capacidades e distintos ritmos de aprendizaxe
C7	Analizar e comprender os procesos educativos no aula e fóra dela relativos ao periodo 6-12
C11	Coñecer os procesos de interacción e comunicación no aula
C13	Promover o traballo cooperativo e o traballo e esforzo individuais
C16	Deseñar, planificar e evaluar a actividade docente e a aprendizaxe no aula

C19	Coñecer e aplicar metodoloxías e técnicas básicas de investigación educativa e ser capaz de deseñar proxectos de innovación identificando indicadores de avaliación
D1	Capacidade de análise e síntese
D2	Capacidade de organización e planificación
D3	Comunicación oral e escrita na lingua materna
D6	Capacidade de xestión da información
D7	Resolución de problemas
D8	Toma de decisións
D9	Traballo en equipo
D11	Traballo nun contexto internacional
D12	Habilidades nas relacións interpersoais
D13	Recoñecemento da diversidade e multiculturalidade
D14	Razoamento crítico
D15	Compromiso ético
D16	Aprendizaxe autónoma

Resultados de aprendizaxe

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe			
Comprender os procesos de aprendizaxe relativos ao período 6-12 no contexto familiar, social e escolar.	A3		C1 C7	D1 D2 D6 D14 D16
Coñecer as propostas e desenvolvementos actuais baseados na aprendizaxe de competencias.	A2	B2	C5 C16	D1 D6 D11
Identificar e planificar a resolución de situacións educativas que afectan a estudantes con diferentes capacidades e distintos ritmos de aprendizaxe.	A2 A3	B4 B7	C6	D2 D7 D8 D13 D15
Coñecer os procesos de interacción e comunicación na aula de Primaria.	A2 A3	B5	C11	D12
Promover o traballo cooperativo e o traballo autónomo que permita deseñar, planificar e avaliar procesos de ensino e aprendizaxe con outros docentes e profesionais.	A2 A3 A4		C13	D2 D8 D9 D12
Coñecer e aplicar metodoloxías e técnicas básicas de investigación en psicoloxía da educación na idade escolar.	A5	B10	C19	D1 D2 D3 D6 D7 D11 D14 D16

Contidos

Tema	
Paradigmas e concepcións teóricas sobre a aprendizaxe e a aprendizaxe escolar.	Contribucións do conductismo á explicación dos procesos de aprendizaxe. Aprendizaxe por observación: a teoría social cognitiva. Achegas do procesamento da información. A teoría sociocultural de Vygotsky. A teoría de Bruner e a construción do coñecemento. A teoría da aprendizaxe significativa de Ausubel. A concepción constructivista da aprendizaxe escolar.
Contextos e factores condicionantes da aprendizaxe na idade escolar.	Ámbitos educativos nas sociedades desenvolvidas. O contexto familiar. Funcións psicolóxicas e educadoras da familia. A interacción familia-escola. Programas de formación de pais. O contexto escolar. Características das prácticas educativas escolares. Factores persoais, contextuales e relacionales que favorecen a aprendizaxe na escola. O profesor/a: elemento crave da aprendizaxe dos alumnos/as. O alumno/a: axente, protagonista e responsable da aprendizaxe. Os contidos. Outros ámbitos educativos. Os mass media como instrumentos educativos.

Procesos e estratexias de aprendizaxe no ámbito escolar.	Natureza, estrutura e formulacións teóricas sobre a intelixencia. Procesos e estratexias cognitivas e metacognitivas. Implicacións na aprendizaxe escolar. Avaliación e mellora das habilidades cognitivas.
Procesos afectivos e motivación académica na idade escolar.	Autoconcepto: formación e relación co rendemento académico. Emocións e aprendizaxe escolar. A motivación do estudante e a aprendizaxe escolar. Estratexias motivacionales.
Interacción alumno-alumno e profesor-alumno na Educación Primaria.	Estilos de ensino e efectividade docente. Relaciones profesor-alumno: representacións, expectativas e interacción. A mediación instruccional. Interacción entre alumnos e aprendizaxe escolar.
Contexto familiar, Tics e aprendizaxe escolar.	O uso dos Tics e a aprendizaxe escolar. O uso dos Tics e a instrución.
Métodos e procedementos de investigación en Psicoloxía da Educación.	Importancia da investigación nesta disciplina. Métodos de investigación. Técnicas de investigación.

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Actividades introdutorias	2	0	2
Lección maxistral	14	21	35
Estudo previo	0	4	4
Resolución de problemas	12	15	27
Traballo tutelado	12	49	61
Seminario	7	7	14
Resolución de problemas e/ou exercicios	2	0	2
Informe de prácticas, prácticum e prácticas externas	3	0	3
Exame de preguntas obxectivas	2	0	2

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Actividades introdutorias	Actividades encamiñadas a tomar contacto e reunir información sobre o alumnado, así como a presentar a materia.
Lección maxistral	Exposición por parte da docente dos contidos sobre a materia obxecto de estudo, bases teóricas e/ou directrices dun traballo, exercicio ou proxecto a levar a cabo polo estudante.
Estudo previo	Entrevistas que os grupos manteñen coa docente para asesoramento/seguimento de actividades da materia e do proceso de aprendizaxe.
Resolución de problemas	Actividades na que se formulan problemas e/ou exercicios coa materia. O alumnado debe desenvolver as solucións idóneas ou correctas mediante a exercitación de rutinas, a aplicación de fórmulas ou algoritmos, a aplicación de procedementos de transformación da información dispoñible e a interpretación dos resultados. Adóitase empregar como complemento da lección maxistral.
Traballo tutelado	Resolución de actividades, estudo de casos, elaboración de documentos sobre a temática da materia, tanto na aula como fora dela, baixo a dirección do docente.
Seminario	Entrevistas que os grupos manteñen co docente para asesoramento e o desenvolvemento das actividades da materia e do proceso de aprendizaxe.

Atención personalizada

Metodoloxías	**Descrición**
Resolución de problemas	Execución das actividades de aula.
Seminario	Seguimento e asesoramento do traballo grupal.

Avaliación

	Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe

Traballo tutelado	Informes e exposicións de actividades, resolución de casos correspondentes á metodoloxía de traballos tutelados realizados na aula e fóra da mesma	15	A2 A3 A4	B2 B4 B5 B7 B10	C13 C19	D1 D2 D3 D6 D7 D8 D9 D11 D12 D13 D14 D15 D16
Resolución de problemas e/ou exercicios	Preguntas sobre contidos específicos e claves da materia	15	A2 A3		C1 C7 C11	D1 D3 D7 D14 D16
Informe de prácticas, prácticum e prácticas externas	Informes e defensa das prácticas realizadas no que se desenvolvan, relacionen, organicen os coñecementos e preséntense conclusións propias dos estudantes sobre as mesmas.	35	A2 A3 A4 A5	B2 B4 B5	C1 C5 C6 C7 C13 C16 C19	D1 D2 D3 D6 D7 D8 D9 D11 D12 D13 D14 D15 D16
Exame de preguntas obxectivas	Probas que inclúen preguntas con diferentes opcións de resposta sobre contidos da materia.	35	A2 A3		C1 C7 C11	D1 D3 D7 D14 D16

Outros comentarios sobre a Avaliación

Alumnado presencial:

Para o alumnado que siga a avaliación continua, os traballos serán obrigatorios e contará a asistencia a clase, que tamén será obrigatoria (esíxese a asistencia regular a, polo menos, o 80% das sesións). Os traballos entregaranse na aula e subiranse á plataforma (Moovi) segundo o calendario que se estableza.

Para superar a materia será preciso que os e as estudantes obteñan en cada proba ou actividades obxecto de avaliación como mínimo un 50% da cualificación establecida para cada apartado. Aquel alumnado que non supere algunha das probas ou actividades que son obxecto de avaliación poderá recuperalas na convocatoria de xullo.

Alumnado non presencial:

No caso de que algunha alumna ou alumno non poida seguir a avaliación continua e o traballo en grupo titorizado polos docentes, terá unha avaliación das competencias básicas da materia, na primeira convocatoria e seguintes, que incluirá contidos teóricos (60% da nota final) e prácticos (40% da nota).

Para superar a materia será preciso que o ou a estudante obteña en cada unha das partes (teórica e práctica) o 50% da cualificación establecida para cada parte.

Todas as datas oficiais dos exames pódense consultar na WEB da Facultade de Educación e Traballo Social, no espazo habilitado ao efecto.

As partes da materia superadas na 1ª oportunidade, non serán obxecto de avaliación na 2ª, considerándose, polo tanto, como aprobadas nese curso académico.

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

Alonso, J., **Motivar para el aprendizaje. Teoría y estrategias.**, Edebé, 1997

Coll, C. y Monedero, C., **Psicología de la educación virtual**, Ediciones Morata, S.L., 2008
Mayer, R.E., **Psicología de la Educación: Vol. II. Enseñar para un aprendizaje significativo**, Pearson Prentice Hall, 2004
Navarro, J.I. e Martín, C., **Psicología de la educación para docentes**, Pirámide, 2010
Rodríguez, S., **Psicología de la Educación. Grado en Educación Infantil y Primaria**, Pirámide, 2015

Bibliografía Complementaria

González-Pienda, J.A., González, R., Núñez, J.C. e Valle, A., **Manual de Psicología de la Educación**, Pirámide, 2002
González-Pienda, J.A., Núñez, J.C., Álvarez, L. e Soler, E., **Estrategias de aprendizaje: concepto, evaluación e intervención**, Pirámide, 2002
Pozo, J.I., **Aprendices y maestros: la nueva cultura del aprendizaje**, Alianza, 1996
Sampascual, G., **Psicología de la Educación**, UNED, 2001
Santrock, J. W., **Psicología de la Educación**, Mc Graw-Hill, 2006
Trianes, M.V. e Gallardo, J.A., **Psicología de la educación y del desarrollo para profesores**, Pirámide, 2008
Woolfolk, A.E., **Psicología Educativa**, Prentice-Hall, 2010
Mayer, R.E., **Aplicando la Ciencia del Aprendizaje**, Graó, 2020

Recomendacións

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Psicoloxía: Prevención e tratamento das dificultades de aprendizaxe e os trastornos do desenvolvemento/O05G120V01204

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Psicoloxía: Psicoloxía do desenvolvemento de 6 a 12 anos/O05G120V01103

Plan de Continxencias

Descrición

=== MEDIDAS EXCEPCIONAIS PLANIFICADAS ===
Ante a incerta e imprevisible evolución da alerta sanitaria provocada pola COVID- 19, a Universidade establece una planificación extraordinaria que se activará no momento en que as administracións e a propia institución o determinen atendendo a criterios de seguridade, saúde e responsabilidade, e garantindo a docencia nun escenario non presencial ou non totalmente presencial. Estas medidas xa planificadas garanten, no momento que sexa preceptivo, o desenvolvemento da docencia dun xeito mais áxil e eficaz ao ser coñecido de antemán (ou cunha ampla antelación) polo alumnado e o profesorado a través da ferramenta normalizada e institucionalizada das guías docentes DOCNET.

=== ADAPTACIÓN DAS METODOLOXÍAS ===
Metodoloxías docentes que se manteñen:
Para o curso 2021-2022, as metodoloxías docentes serán as mesmas nos tres escenarios. A única adaptación que cabe resaltar, é a relativa ao seu modo de execución. No posible escenario de ensinanza mixta ou semipresencial, as metodoloxías se levarían a cabo de modo presencial e virtual. Por outra banda, no escenario de ensinanza a distancia, as metodoloxías previstas se adaptarían a una modalidade de execución virtual.

Metodoloxías docentes que se modifican:
Non se modifica a dinámica propia de ningunha metodoloxía docente, excepto, como se di no apartado anterior, a súa modalidade de execución, presencial e virtual (no caso dun escenario mixto); e exclusivamente virtual (no caso dun escenario a distancia).

Mecanismo non presencial de atención ao alumnado (titorías)
No potencial escenario de docencia semipresencial, as sesións de titorización poderán realizarse presencialmente e/ou no despacho virtual dos docentes, baixo a modalidade de concertación previa e no horario que se estableza. No caso dun escenario docente na modalidade a distancia, a titorización realizarase únicamente polos medios telemáticos mencionados.

Modificacións (se proceder) dos contidos a impartir
Non hai modificacións nos contidos a impartir.

Bibliografía adicional para facilitar a auto-aprendizaxe
A bibliografía adicional será proporcionada ao longo do desenvolvemento da materia.

Outras modificacións
Ferramentas para a docencia virtual. No escenario de docencia semipresencial, ademáis da docencia presencial nas aulas, a actividade docente virtual impartirase mediante Campus Integra e preverase asemade o uso da plataforma de teledocencia campus remoto como reforzo, e sen prexuízo doutras medidas que se poidan adoptar para garantir a accesibilidade do alumnado aos contidos docentes.

No escenario de docencia a distancia, a actividade docente realizarase exclusivamente de modo virtual.

=== ADAPTACIÓN DA AVALIACIÓN ===
Non hai cambios nin nos instrumentos nin nos criterios de avaliación establecidos na guía docente ordinaria.

Probas pendentes que se manteñen
Todas as probas propostas na guía docente para as vindeiras convocatorias, mantéñense en calquera das tres modalidades de ensinanza previstas: presencial, mixta e a distancia, para o curso 2021-22. Os criterios de avaliación, así como a súa ponderación sobre a nota final, se manteñen, tanto para o alumnado asistente, coma para o non asistente. Os procedementos ou tipoloxía de probas de avaliación, tampouco se modifican no seu contido, pero sí no seu modo de execución, no caso dos dous potenciais escenarios docentes extraordinarios previstos. Así, no caso de estar nunha situación de ensinanza mixta ou semipresencial, as probas de avaliación poderán ser organizadas de modo presencial, dependendo das instalacións e medios dispoñibles. Se non fose posible facelas presencialmente, combinaríase a modalidade presencial coa virtual, ou realizaríanse exclusivamente de forma virtual.
Se a situación é de ensinanza a distancia, todas as probas de avaliación realizaranse de modo virtual.

Probas que se modifican
Para o curso 2021-2022, non hai modificacións nas probas de avaliación, agás no referido á modalidade de avaliación: presencial ou virtual, dependendo do escenario sanitario no que se leve a cabo a docencia.

Novas probas
Non se prevén novas probas de avaliación.

Información adicional
Non hai